

## **Bases do Certame de Caricatura <Cidade de Ferrol>**

O Club de Prensa de Ferrol, convoca o *Primeiro Certame da Caricatura <Cidade de Ferrol>*, coas seguintes bases:

1. Convócanse dous premios, para maiores e menores de vinte anos.
2. Os primeiros optan ao *Premio Juan Carlos Alonso*, dotado con 1000 euros e trofeo.
3. Os participantes que non teñan cumpridos os vinte anos ao se facer pública esta convocatoria, optan ao *Premio Álvaro Cebreiro*, dotado con 600 euros e trofeo. Quen sendo menor de vinte anos queira optar ao *Premio Juan Carlos Alonso*, pode facelo.
4. Nas dúas categorías poden participar caricaturistas profesionais e afeccionados de calquera nacionalidade.
5. Cada participante presentará dúas caricaturas. Unha terá como modelo o escritor ferrolán Ricardo Carballo Calero, de quen o Club de Prensa facilita fotos. A outra caricatura será de libre elección do participante.
6. As caricaturas enviaranse ao correo [info@clubdeprensaderrol.com](mailto:info@clubdeprensaderrol.com), en formato dixital, con dimensións DIN A3, en JPF ou TIFF e 300 d.p.i. de resolución, sen sobrepasar os 5Mg.
7. O prazo de recepción dos traballos presentados remata ás 24 horas do día 15 de xullo de 2015.
8. O fallo do Xurado farase público o 26 de xullo de 2015. As decisións do Xurado, formado por coñecidos profesionais das artes plásticas, serán inapelabeis.
9. Os traballos finalistas serán expostos nunha mostra colectiva no edificio de //*Afundación* en Ferrol. Os participantes finalistas recibirán un diploma acreditativo.